César Gil Bermúdez (1 para 1)
Alcalde
Data de Sinatura: 04/07/2023
HASH: 1c0530df760e55b9293c5a2dec178708

Expediente núm.: 465/2023
Informe-Proposta de Secretaría
Procedemento: Licenza de Aproveitamento
Tipo de Informe: Borrador [] Provisional [] Definitivo [x]

PROPOSTA DE ALCALDÍA

PREGO DE CONDICIÓNS QUE REXERÁN NO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTO DE BEBIDAS NAS FESTAS DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO PARA O ANO 2023

1. Obxecto.

O obxecto do presente prego de condicións é regular o outorgamento, mediante licitación pública, das autorizacións para a ocupación do dominio público municipal mediante do posto destinado á venda de bebidas durante a Festa do Carme e o Concerto de Santana Swing Band.

As datas das celebracións son as seguintes:

- Festa do Carme: o día 16 de xullo de 2023.
- Concerto Santana Swing Band: o día 29 de xullo de 2023.

O postos instalarase nos lugares habilitados para elo polo Concello dentro dos Xardíns do Gran Hotel.

2. Natureza xurídica das autorizacións.

A ocupación en concreto de cada posto conceptúase como unha utilización especial dun ben de dominio público, que precisa do oportuno título habilitante, dado que as instalacións coas que se van ocupar estes bens municipais son desmontables ou bens mobles. Estes títulos, dadas as súas características, terán a consideración de autorizacións administrativas demaniais.

As autorizacións demaniais dos postos teñen natureza administrativa e réxense polos artigos 92 da Lei 33/2003, de e de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (en diante LPAP) e 77 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Cod. Validación: 5LNYYSQP54JFF6KC66ET7F67K
Corrección: https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 10

3. Duración das autorizacións.

A autorización da ocupación terá unha vixencia durante as Festas sinaladas na cláusula 1ª a celebrar durante o ano 2023.

4. Contraprestación económica ou canon pola ocupación dos postos.

4.1. As ofertas económicas efectuaranse á alza partindo dos seguintes prezos base de licitación (canon) do posto:

DESTINO POSTO	SUPERFICIE	CANON MÍNIMO
Bar	Na Festa do Carme e Concerto Sabana Swing Band: • Mínimo: 7,00 m. longo x 5,00 m .de ancho • Máximo. 12 m. Longo x 5,00 m. ancho	50,00 €

4.2. Para o caso de que o posto resulte **vacante** tras realizar a licitación conforme a este Prego de Condicións, poderase solicitar a súa autorización directa por calquera persoa que reúna os requisitos esixidos nos presentes Pregos, e presente a **documentación** prevista na cláusula 7ª destes Pregos xunto cunha **oferta** de, como mínimo, o canon establecido para o posto do que se trate.

No caso de haber varios solicitantes, resolverase a favor de quen **oferte un maior canon**. En caso de empate, resolverase por **sorteo**.

Todo elo, de conformidade cos artigos 92 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas e artigo 77 do RD 1372/1986 polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

4.3 O adxudicatario deberá aboar igualmente os demais impostos ou taxas que se deriven deste contrato (relativos ó exercicio de cada actividade, os que graven a constitución destas autorizacións, os de formalización pública dos títulos das autorizacións e demais derivados das propias autorizacións).

O ingreso do prezo será efectuado polo adxudicatario no seu **importe total**, con carácter **previo á adxudicación da autorización**, podendo facerse efectivo en calquera das entidades bancarias colaboradoras do Concello mediante calquera medio de pago admitido en Dereito.

Establécese expresamente que non se poderá en ningún caso ocupar o posto autorizado sen realizar o pagamento da totalidade das cantidades ofertadas.

5. Capacidade para contratar.

Están facultadas para tomar parte no procedemento as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras,

Cod. Validación: 5LNYYSQP54JFF6KC66ET7F67K
Corrección: https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 10

que teñan plena capacidade de obrar e estean dados de alta e ó corrente no pagamento no IAE no epígrafe correspondente, non se atopen incursas en ningunha prohibición de contratar das sinaladas no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) , dispoñan de solvencia económica e financeira e técnica ou profesional e cumpran cos requisitos que se establecen neste prego.

Así mesmo, os licitadores deberán atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (incluídas co Concello de Mondariz Balneario) e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. O Concello comprobará de oficio que se atopa ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Mondariz Balneario.

Os autorizados deberán ter cuberta a responsabilidade que xere a súa actividade, para o que deberán contar cun seguro de responsabilidade civil en vigor.

6. Garantía provisional.

Non se esixe, de acordo co sinalado no art. 106 LCSP.

7. Presentación de proposicións: lugar e prazo de presentación, formalidades e documentación.

Informacións:

Publicarase anuncio de licitación no Taboleiro de Anuncio do Concello de Mondariz Balneario (https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/board/975040b6-f59b-11de-b600-00237da12c6a/). Tamén serán publicados os presentes pregos e o documento de aprobación do expediente.

Lugar e prazo de presentación:

As proposicións presentaranse no Rexistro do Concello de Mondariz Balneario durante os 3 días naturais seguintes ó da publicación do anuncio no Taboleiro de Anuncios do Concello de Mondariz Balneario. Se o último día do prazo coincidise en sábado, domingo ou festivo, o prazo prorrogarase ata o primeiro día hábil seguinte.

Tamén se poderán presentar proposicións en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Nota importante: Cando a documentación se envíe por correo, ou por calquera outro medio dos permitidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 distinto da presentación nos rexistros xeral ou auxiliares desta Administración, o empresario, antes de rematar o prazo de presentación de ofertas, deberá avisar ao órgano de contratación mediante correo electrónico (secretaria.intervencion@mondarizbalneario.es), ou telegrama, achegándolle o xustificante da data e hora da realización do envío. Sen o cumprimento deste trámite, o órgano de contratación non admitirá ningunha documentación que se reciba nesta Administración con posterioridade.
Tampouco a admitirá, aínda que se realizara o aviso nos referidos termos, se transcorridos tres días desde o remate do prazo de presentación de ofertas, a documentación non se recibira no Rexistro Xeral desta Administración.

Formalidades:

As proposicións constarán de dous sobres pechados denominados **A e B**, coas inscricións e contendo a documentación que en cada un se sinala.

Toda a documentación a presentar polos licitadores será orixinal ou copias debidamente compulsadas.

Cod. Validación: 5LNYYSQP54JFF6KC66ET7F67K
Corrección: https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 10

No interior de **cada sobre**, necesariamente, farase constar o seu contido en folla independente, a modo de **índice**, enunciándoo numericamente.

A) **SOBRE A, DENOMINADO DE "DOCUMENTACIÓN XERAL"**, expresará, xunto co nome do licitador, enderezo postal, enderezo electrónico e núm. de teléfono, a inscrición de: "DOCUMENTACIÓN XERAL DA LICITACIÓN PARA INSTALACIÓN DE POSTO DE BEBIDAS NAS FESTAS DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO: POSTO __ (especificar)" será asinado polo propio licitador. Conterá os seguintes documentos:

- DECLARACIÓN RESPONSABLE do licitador indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración, conforme ao **modelo fixado no Anexo I** dos presentes pregos.

B) **SOBRE B, DENOMINADO DE "DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA":** expresará, xunto co nome do licitador, enderezo postal, enderezo electrónico e núm. de teléfono, a inscrición de: "DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA DA LICITACIÓN PARA INSTALACIÓN DE POSTO DE BEBIDAS NAS FESTAS DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO: POSTO __ (especificar)", será asinado polo propio licitador.

- Conterá a **OFERTA**, que se efectuará segundo **modelo fixado no Anexo II** dos presentes pregos.

8. Criterios de valoración.

Valorarase como criterio para proceder á adxudicación:

MELLORA Á ALZA DO CANON establecido na cláusula 4ª destes pregos: Ata 10 PUNTOS.

Este criterio de adxudicación valorarase obxectivamente atendendo a criterios de proporcionalidade matemática da seguinte maneira:

Outorgaranse 10 puntos ó licitador que maior importe de canon oferte e 0 puntos a aquelas proposicións que non oferten mellora do canon, valorándose o resto de ofertas proporcionalmente, con arranxo á seguinte fórmula matemática:

$$\text{Puntuación do licitador} = \frac{10 \times \text{Importe canon que oferta o licitador}}{\text{Maior importe canon presentado de tódalas ofertas}}$$

9. Apertura e cualificación da documentación xeral

Concluído o prazo de presentación de proposicións, procederá á cualificación previa da documentación xeral.
O órgano de contratación, de acordo co previsto no art. 22 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RD 1098/2001), poderá instar do empresario aclaracións sobre os certificados ou documentos presentados para xustificación da súa capacidade, solvencia técnica e económica e ausencia de prohibicións para contratar, ou incluso pedirlle a presentación doutros complementarios. Tales requirimentos deberán de cumprimentarse nun prazo máximo de 3 días naturais.
Por outra parte, se se observasen defectos ou omisións emendables na documentación presentada comunicarase verbalmente, ou telemáticamente de así estimarse, ós interesados concedéndolles un prazo de tres días hábiles para a emenda, sen prexuízo do correspondente anuncio no Taboleiro de Anuncios do Concello, momento desde o que contará o prazo de emenda.
Cualificada a documentación e emendada, no seu caso, os defectos ou omisións, o órgano de contratación procederá a declarar as admitidas e as rexeitadas con expresión das causas do rexeitamento.
A non idoneidade ou a non xustificación da solvencia técnica ou económica aportada, segundo criterio motivado do órgano de contratación, terá carácter excluínte.

Cod. Validación: 5LNYYSQP54JFF6KC66ET7F67K
Corrección: https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 10

10. Apertura das proposicións e proposta de adxudicación

O acto de apertura das proposicións será público. O día de apertura de proposicións fixarase no Taboleiro de Anuncios do Concello cunha antelación de, cando menos, 2 días ó da súa celebración.
O acto transcorrerá segundo o disposto no art. 83 do RD 1098/2001.
As proposicións afectas por calquera das causas precisadas no art. 84 do RD 1098/2001 serán rexeitadas motivadamente.
O órgano de contratación fará a proposta de contratación a favor da oferta que resultara máis vantaxosa das presentadas como resultando de aplicar os criterios de selección establecidos nestes pregos.
A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

11. Requirimento de documentación.

O órgano de contratación requirirá ó licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de **dous días hábiles**, a contar desde o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a seguinte documentación, de conformidade co establecido no artigo 150.2 LCSP:

DNI do licitador, se se trata dun empresario individual español. No caso de estranxeiros, presentarase: pasaporte, autorización de residencia e permiso de traballo, no seu caso, ou calquera outro documento equivalente.

Para o caso de persoas xurídicas, presentarase escritura de constitución debidamente inscrita no Rexistro correspondente, copia do NIF da empresa, do DNI do representante. Acompañarase, así mesmo, poder notarial que acredite a representación da empresa, que deberá ser previamente bastanteado polo/a secretario/a da Corporación ou por un fedatario público.

Documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A estes efectos aportarase:
Certificado en vigor expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria para contratar de estar ao corrente nas súas obrigas con este organismo.
Certificado en vigor expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social para contratar de estar ao corrente nas súas obrigas con este organismo.
Imposto de Actividades Económicas (IAE):

Copia da alta no IAE no epígrafe correspondente ás actividades que vai desenvolver nos postos que solicita, referida ó exercicio corrente, debendo abranguer dentro do seu ámbito, como mínimo o territorial do Concello de Mondariz Balneario; ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa no citado imposto.

No caso de estar exento, certificado de exención no pagamento do mesmo.

Ademais, o licitador non deberá ter débedas de natureza tributaria en período executivo de pago co Concello de Mondariz Balneario. A Administración Local, de oficio, comprobará mediante os datos que obran na Tesourería o cumprimento de dita obriga.

Carné de manipulador de alimentos ou certificación por centro oficial que acredite ter recibido formación como manipulador de alimentos das persoas que atenderán o posto.

Seguro de responsabilidade civil: Deberase aportar copia de póliza de seguro de responsabilidade civil acompañada do pago do último recibo, ou certificado do citado seguro.

Pago do canon ofertado.

Cod. Validación: 5LNYYSQP54JFF6KC66ET7F67K
Corrección: https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 10

12. Garantía definitiva.

En aplicación do art. 107.1 LCSP, non se esixe garantía definitiva.

13. Adxudicación das autorizacións.

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar as autorizacións dentro dos tres días hábiles seguintes á recepción da documentación, mediante resolución motivada, que se notificará ós licitadores, e se publicará no Taboleiro de Anuncios no prazo de quince días naturais.

14. Descrición do servizo.

O posto só poderá vender os produtos para os que foron adxudicados.
As instalacións e mobiliario serán a cargo do autorizado.
Queda prohibido dar envases de cristal ou vasos de cristal, tendo preferencia o material biodegradable.

15. Dereitos e Obrigas do autorizado.

DEREITOS:

- O autorizado terá dereito á utilización do dominio público exclusivamente para o exercicio da actividade autorizada en cada posto.
- O autorizado terá dereito a ser mantidos pacificamente no uso dos bens nos termos previstos no presente prego durante o prazo de vixencia da autorización.

OBRIGAS:

- O autorizado debe destinar o posto ó uso para o que foi autorizado, quedando prohibido calquera traspaso ou cesión do dereito, sen prexuízo de que a atención directa ó público se realice por persoa distinta ó autorizado.
- A explotación e/ou uso do posto realizarase exclusivamente polo titular do posto ou traballador cunha relación laboral debidamente formalizada coa persoa titular do posto.
- A ocupación do posto realizarase con instalacións que non impliquen obras ou instalacións fixas.
- O autorizado está obrigado a conservar en perfecto estado os lugares onde se instale o posto, destinándoo exclusivamente ó uso autorizado e respondendo ante o Concello dos deterioros producidos polo autorizado ou os usuarios, sempre que non se teñan producido por forza maior.
- O autorizado estará obrigado ó cumprimento das normas e instrucións que reciba do Concello.
- Deberá someterse ás inspeccións e controis do postos obxecto da autorización e as súas instalacións por parte do Concello coa finalidade de garantir que os mesmos son usados de acordo cos termos das autorizacións. En particular, deberán cumprir cos requirimentos que diten os responsables de supervisar a autorización e/ou policía municipal.
- Manter en bo estado os locais, superficies, instalacións e equipamentos, así como a súa limpeza. O servizo de limpeza deberá realizarse fóra do horario normal de funcionamento, e puntualmente sempre que sexa necesario.
- O autorizado deberá observar o disposto na normativa de aplicación, especialmente a reguladora das relacións laborais, de Seguridade Social, de prevención de riscos laborais, manipulación de alimentos e calquera outras que resulten de aplicación.
- Poñer a disposición dos usuarios follas de reclamacións oficiais, de conformidade coa normativa vixente.
- Todo o persoal destinado á actividade autorizada deberá coidar o aseo e a boa presentación e deberá observar en todo momento un trato correcto cos usuarios desas actividades.
- Non poderá utilizar outros espazos que os especificamente asignado para realizar a súa actividade, sen previa autorización do Concello, pero estará obrigado a facelo no suposto de ser requiridos por este.
- A obtención polo adxudicatario dos permisos e autorizacións sectoriais que, no seu caso, sexan necesarias para o desenvolvemento da actividade.
- Concertar póliza de responsabilidade civil que cubran os riscos que se puidesen causar, directa ou indirectamente.

Cod. Validación: 5LNYYSQP54JFF6KC66ET7F67K
Corrección: https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 10

- Unha vez rematada a celebración e diariamente deberá deixa a instalación (recinto onde está instalado o posto) nas debida condición hixiénico-sanitarias. Igualmente retirará todo o material necesario para prestar o servizo, deixando as instalacións en perfecto estado.

16. Horarios de apertura, montaxe e desmontaxe

FESTA DO CARMEN

Horario de carga e descarga:

Domingo: montar de 09:00 a 11:00 horas e desmontar ó pechar o recinto.

Horario de apertura:

Domingo de 11:30 a 14:30 horas e 21:30 a 00:30 horas.

CONCERTO SANTANA SWING BAND

Horario de carga e descarga:

Sábado: montar de 19:30 a 21:30 horas e desmontar ó pechar o recinto.

Horario de apertura:

Sábado, 29 de xullo de 2023, de 22:00 a 00:30 horas.

17. Extinción do contrato

O contrato extinguirase:

- Polo transcurso do prazo do contrato.
- Por perda da capacidade para contratar e incorrer en causa legal de prohibición, ou cando se extinga a persoa xurídica, se é o caso.
- Por calquera falta moi grave en virtude da que o órgano de contratación acorde a resolución do contrato.
- Por calquera outra causa legal prevista.

18. **Infraccións**.

As infraccións que cometa o contratista en execución do contrato clasifícanse en:

1.- Infraccións leves:

- O descoido ou mera neglixencia no cumprimento das obrigas contractuais que non comporten prexuízos apreciables na prestación do servizo.
- As incorreccións do persoal do adxudicatario cos usuarios, que polas circunstancias que concorran, non sexan susceptibles de cualificarse como graves ou moi graves.

2.- Infraccións graves:

- A desconsideración grave cos usuarios.
- As discusións ou altercados promovidos polo persoal do servizo ou cando este interveña de forma activa, aínda que se suscitase polos usuarios.

3.- Faltas moi graves:

- Os altercados ou alborotos ocasionados polo persoal do servizo.
- As actuacións que infrinxan a normativa por fraude no peso, medida ou capacidade ou alteración na calidade dos artigos, produtos ou consumidores.
- Actuacións que leven a situacións de non abastecemento de artigos ou produtos do servizo.

Cod. Validación: 5LNYYSQP54JFF6KC66ET7F67K
Corrección: https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 10

- Mala conservación das instalacións e demais aparellos que se puideran poñer a disposición do adxudicatario.
- A cesión ou traspaso da explotación do servizo, calquera que sexa o procedemento, sen previa autorización municipal.
- A obstaculización ou negativa a inspeccións ou á toma de mostras das materias primas ou produtos por persoal da administración con competencia na materia debidamente autorizada e documentalmente acreditada.
- A vulneración da normativa en materia laboral e de Seguridade Social, sempre que revista carácter esencial.
- A comisión de dúas ou máis faltas graves por resolución administrativa firme.

Sancións.

As sancións que poderá impoñelas o órgano de contratación ó contratista son as seguintes:

.- Por faltas moi graves: multa entre 301 euros e 600 euros.
.- Por faltas graves: multa entre 151 euros e 300 euros.
.- Por faltas leves: multa entre 60 euros e 150 euros.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 5LNYYSQP54JFF6KC66ET7F67K
Corrección: https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 10

ANEXO I: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE.

D_____, co DNI núm.:_____; actuando en nome propio (ou en representación da entidade_____); con enderezo a efectos de notificacións en _____,

En relación co "PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTO DE BEBIDAS NAS FESTAS DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO"

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que acepta total e incondicionalmente as obrigas e dereitos establecidos nos pregos de condicións do procedemento de autorización, sendo coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade.

SEGUNDO. Que cumpre con tódolos requisitos previos esixidos, e en concreto:

- Que non está incurso, (ou a empresa á que representa), non está incursa en ningunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 71 da da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que cumpre coas disposicións vixentes en materia de protección da industria, en materia laboral, da seguridade social e hixiene no traballo.

TERCEIRO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario da autorización ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino a presente declaración
.
En _____, a ___ de _____ de 20__.

(Lugar, data e sinatura do licitador).

Cod. Validación: 5LNYYSQP54JFF6KC66ET7F67K
Corrección: https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 10

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D_____, co DNI núm.:_____; actuando en nome propio (ou en representación da entidade_____); con enderezo a efectos de notificacións en _____,

En relación co “PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTO DE BEBIDAS NAS FESTAS DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO”, solicito participar no mesmo coa seguinte oferta:

POSTO DE BEBIDAS DAS FESTA DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO

CANON OFERTADO (debe ser igual ou superior ó prezo base de licitación)
_____ euros

En _____, a ___ de _____ de 20__.

(Lugar, data e sinatura do licitador).

Cod. Validación: 5LNYYSQP54JFF6KC66ET7F67K
Corrección: https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10